

OS VALORES NO DEPORTE

PRESENTACIÓN

Este proxecto vai consistir na elaboración de distintos artigos para a revista do Instituto. O tema vai ser os VALORES en distintos DEPORTES.

Os alumnos van organizarse por parellas. Cada parella terá asignado un deporte: balonmán, baloncesto, fútbol, tenis, atletismo, remo, ximnasia, ciclismo etc....

O traballo vaise abordar en dúas fases:

FASE I Consiste na investigación sobre o deporte en concreto seguindo un guión para elaborar a redacción do artigo. O artigo terá unha parte de presentación, descrición e historia do deporte e outra parte sobre os valores aos que contribúe a súa práctica.

FASE II Esta parte consistirá na elaboración dunha entrevista a alguén que practique un deporte. Pode ser alguén profesional ou semiprofesional, que coñezades da vosa contorna, ou alguén aficionado que practique ese deporte.

PRAZOS DE ENTREGA:

2ª AVALIACIÓN Nesta avaliación terá que estar lista a primeira parte da fase I. A redacción do artigo sobre o deporte en cuestión. Data de entrega: 11 de marzo.

3ª AVALIACIÓN Nesta fase realizarase a investigación sobre os VALORES (segunda parte da fase I) e a ENTREVISTA (fase II).

GUIÓN 1ª PARTE DA FASE I

1. Presenta o deporte e describe en que consiste:

- a. obxectivo
- b. xogadores
- c. material
- d. Outros

2. Cales son as súas regras.

3. Breve historia do deporte. Busca algunha imaxe para incluír no artigo e redacta un pé de foto.

INSTRUCCIÓNS:

PASO 1: anota o que sabes dese deporte.

PASO 2: investiga na rede para ampliar información e toma notas no caderno.

PASO 3: coa información recopilada elabora o esquema ou guión do que ides contar a modo dun artigo periodístico.

PASO 4: consulta as partes (ligazón 2) dun artigo periodístico e procede á súa redacción. Contarase a presentación, caligrafía, ortografía e expresión escrita así como o estilo periodístico.

Puntuación: 5

2ª PARTE FASE I

Anotade os valores que se traballan ao practicar ese deporte e xustificar cada un deles. Podedes ampliar consultando na rede.

FASE II: Entrevista

Deseñade un mínimo de 5 preguntas para facer a un/unha deportista.

Alo menos tedes que preguntar sobre:

- Presentación: quen é, que deporte practica, en que situación (federado ou non, semi-profesional, profesional...)
- Anos que leva xogando.
- Tempo de dedicación.
- Aportacións do deporte, valores.
- Aspectos negativos do deporte se os hai.
- outros...

LIGAZÓNS INTERESANTES:

[3.4 Partes de una noticia \(aspectos teóricos\) | Os medios de comunicación \(xunta.gal\)](#)

<https://www.unprofesor.com/lengua-espanola/partes-de-una-noticia-3460.html>

<https://es.unesco.org/themes/deporte-y-antidopaje/educacion-de-valores>

